

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCION DE UN/HA PEÓN CONDUCTOR DE BRIGADA CON CARNET B E DE TRES PEÓNS DE BRIGADA, para o CONCELO DE PORTOMARIN.

No Pavillón Municipal do Concello de Portomarín, ás nove horas e trinta minutos do día quince de xullo de dous mil dazaseís, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o tribunal que valorará o proceso selectivo para a provision de UN/HA PEÓN CONDUCTORES DE BRIGADA CON CARNET B E DE TRES PEÓNS DE BRIGADA, de acordo coas bases aprobadas ao efecto por Resolución da Alcaldía do Concello de Portomarín, con data vintetres de xuño de dous mil dazaseís.

Titulares:

Presidente: D. Alberto Carballo Sánchez

1º Vogal: Dna. Margarita Lemos Teijeiro

2º Vogal: Dna. María Dolores Rodríguez Gómez

3º Vogal: D. Julio González Casanova

Secretario: D. José Luis Vázquez Méndez

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal e acto seguido procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, presentándose os que a continuación se relacionan:

Aitor Besteiro González.

Manessa Díaz Gay.

José Díaz Sardin.

Ismael López Álvarez.

José Manuel López Díaz.

Jesús López Seijas.

Celso Novo Chantres.

David Rodríguez Pérez

Seguidamente, de conformidade co previsto nas bases, procederáse á selección por concurso –oposición. A valoración dos méritos non terá carácter eliminatorio e non se terá en conta para superar as probas da fase de oposición, realizándose con posterioridade ao remate da fase de oposición e soamente aos/las aspirantes que a superaron.

A fase de oposición consistirá nun cuestionario tipo test de 20 preguntas, con tres respostas alternativas, entregado ao Tribunal pola Orientadora Laboral do Concello de Portomarín (xunto coa plantilla das respostas correctas) a quen correspondeu a custodia do mesmo. A

mesma manifestación que as preguntas do coñecemento do medio foron elaboradas por Roberto Rodríguez Vázquez e as restantes por Raquel Rivas Fanego, e o tribunal acepta, tendo en conta o anteriormente exposto. Entrégase o mesmo aos aspirantes, para a súa realización nun tempo máximo de 40 minutos, de conformidade co previsto nas bases.

Unha vez rematado, e correxidos os mesmos de conformidade cos criterios establecidos nas bases, outórganse as seguintes puntuacións:

Aitor Besteiro González.....	7,5 puntos.
Vanessa Díaz Gay.....	7,5 puntos.
José Díaz Sindín.....	11,5 puntos.
Ismael López Álvarez.....	8,5 puntos.
José Manuel López Díaz.....	5, 5 puntos.
Jesús López Seijas.....	6,5 puntos.
Celso Novo Chantes.....	9 puntos.
David Rodríguez Pérez.....	12,5 puntos.

Polo tanto de conformidade co establecido nas bases, sendo necesario para a superación do test un mínimo de 10 puntos, soamente superan o mesmo José Díaz Sindín e David Rodríguez Pérez.

Polo Tribunal, invítase aos aspirantes a que procedan á revisión das probas e se teñen que formular algunha observación acerca das correccións ou das preguntas formuladas. Despois de revisión das probas, preséntanse ao Tribunal as reclamacións manuscritas polos aspirantes, que se incorporan ao expediente dilixenciadas polo tribunal e que a continuación se resumen:

-Aitor Besteiro González en relación coa pregunta 6, referida ao paso do Camiño de Santiago polo concello de Portomarín, na que se sinala como resposta correcta a b), entende que a pregunta está mal formulada e a resposta correcta é a)

-Aitor Besteiro González en relación coa pregunta 8, referida á bomba de engrase da desbrozadora, na que se sinala como resposta correcta a c), estima que a resposta correcta é a b).

Ismael López Álvarez, tamén estima contraditoria a pregunta 8, xa que di que a b) é a resposta correcta, xa que a bomba de engrase debe estar sempre ben lubricada. No mesmo escrito, en relación coa pregunta 9, pon de manifesto que a aseta de Narón atópase pechada, polo que a comunicación por teléfono en caso de comunicación cos portáfonos polos canles asinados, a comunicación chegaría a Narón automaticamente.

-Celso Novo Chantes, presenta escrito en relación coas preguntas 8 e 9, no mesmo senso que as presentadas por Ismael López Álvarez.

Á vista das reclamacións presentadas, polo Tribunal, procédese á realizar as comprobacións oportunas. En relación coa pregunta do Camiño de Santiago, e consultada documentación obrante no Concello, o Tribunal por unanimidade **ACORDA** desestimar a reclamación presentada, por entender que a resposta correcta é a que figuraba na plantilla e na corrección.

Á vista das reclamacións contra as preguntas 8 e 9, consultada documentación e realizada consulta telefónica co Xefe do Distrito Forestal de Sarria e persoal dependente, o Tribunal por unanimidade **ACORDA**:

- Anular a pregunta 8, por considerar que tanto a opción a) como a opción B) eran ambas correctas.
- Anular a pregunta 9, por considerar que a mesma está mal formulada. Incluso poñen de manifestó que o punto de vixiancia de narón hai anos que non está operativo.

Nas bases establececese que o tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, estando facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración de méritos. Polo tanto, á vista da anulación das preguntas, e non ter a proba tipo test, preguntas de reserva **ACORDASE** que a puntuación da mesma, deberá ser de 0 a 18 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 9 puntos para superalo. Polo tanto, una vez revisada a corrección das probas,, a fase de oposición queda coas seguintes puntuacións:

Aitor Besteiro González..... 7,0 puntos.
 Vanessa Díaz Gay..... 8,5 puntos.
 José Díaz Sindín..... 12,5 puntos.
 Ismael López Álvarez..... 9,0 puntos
 José Manuel López Díaz..... 4,5 puntos.
 Jesús López Seijas..... 5,5 puntos
 Celso Novo Chantres..... 9,0 puntos
 David Rodríguez Pérez..... 13,5 puntos

Polo tanto de conformidade co establecido nas bases e o criterio establecido polo tribunal, á vista da anulación de dúas preguntas, sendo necesario para a superación do test un mínimo de 9 puntos, superan o mesmo José Díaz Sindín, David Rodríguez Pérez, Ismael López Álvarez e Celso Novo Chantres

Seguidamente procédese á valoración dos de méritos, dos aspirantes que superaron a fase de oposición. Unha vez realizada a fase de oposición e valorados os méritos dos que superaron a mesma, obtéñense as puntuacións que a continuación se detallan:

NÚM. REXISTRO	APELIDOS E NOME	PROBA TIPO TEST	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN EXPECÍFICA	CELGA	PROTECCIÓN N CIVIL	TOTAL
1018	JOSÉ DÍAZ SINDÍN	12,5	2,70	0,30	0,25	1,00	16,75
1026	ISMAEL LÓPEZ ÁLVAREZ	9,00	1,80	0,10	0,50	0	11,40
1047	DAVID RODRÍGUEZ PÉREZ	13,50	2,70	0,50	1,00	0	17,70
1072	CELSONO NOVO CHANTRES	9,00	2,40	0	1,00	0	12,40

En virtude do anterior, o Tribunal por unanimidade **ACORDA**, propor ao Sr. Alcalde, a contratación, que estará condicionada pola superación da proba física e do recoñecemento médico, como **Peón Conductor a Dº David Rodríguez Pérez (ao obter o maior puntuación na fase de oposición) e Peóns de Brigada a Dº José Díaz Sindín, Dº Celso Novo Chantres e Dº Ismael López Álvarez.**

E non sendo outro o obxecto desta reunión finaliza o presente acto, dipoñendo o Sr. Presidente que se redacte a presente acta que suscriben todos os membros do Tribunal sendo ás doce horas do expresado día.



D. Alberto Carballo Sánchez

Dna. Margarita Lemos Teijeiro



Dna. Maria Dolores Rodriguez Gómez

D. Julio González Casanova



D. José Luis Vázquez Méndez

